A portrait of a young man with dark, wavy hair, wearing a dark suit, white shirt, and a dark red bow tie. He is looking slightly to the left with a gentle smile. The background is a blue and gold patterned curtain.

**Roteiro de Federico García Lorca en Compostela  
con Henrique Alvarellos**  
Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2023  
Código en fprofe: G2303013



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE



**Henrique Alvarellos**

**Henrique Alvarellos Casas** (Lugo, 1968) é xornalista e escritor, e dende xuño de 2004 dirixe Alvarellos Editora. Licenciouse en Filoloxía Hispánica, Santiago (1991) e obtivo o Posgrao en Comunicación pola UdC (1994).

Como xornalista iniciou a súa andaina no diario *El Progreso* de Lugo e traballou logo como redactor na TVG, e n *La Voz de Galicia*, foi correspondente para Galicia da revista *Cambio 16* e redactor xefe do *Atlántico Diario* de Vigo. Foi así mesmo xefe de prensa da Consellería de Obras Públicas e asesor de Comunicación de Turgalicia e do Xacobeo.

Desde junio de 2004 é o editor e director de **Alvarellos Editora**.

É autor de varios libros, entre os que destacan: *Territorio auroral. 36 memorias vivas de Compostela* (1997), *De profesión, periodista. Homenaje a Diego Bernal* (2002), *Teoría de Lugo* (2004), *Galicia en cen prodixios* (2004), *Caminos de Santiago-Caminos de Concordia* (2004), *Diario dun pai acabado de nacer* (2008), *Santiago, 1909* (2009), *Balada ceibe no bosque de Conxo* (2018), *El gran viaje de estudios de García Lorca* (2018), *Federico García Lorca en Santiago de Compostela* (2020), *A nena que abrazaba as árbores* (2020)...

## Índice

<b>Punto 1</b> – Santa María de Conxo .....	03
<b>Punto 2</b> – Estación de Cornes .....	04
<b>Punto 3</b> – Santa Susana e Ferradura .....	12
<b>Punto 4</b> – RSE de Amigos del País .....	17
<b>Punto 5</b> – Hotel Compostela .....	24
<b>Punto 6</b> – Rúa do Vilar .....	26
<b>Punto 7</b> – Colexiata do Sar .....	28
<b>Punto 8</b> – Bar Viño .....	30
<b>Punto 9</b> – Universidade .....	31
<b>Punto 10</b> – Librería Niké .....	32
<b>Punto 11</b> – Café Suizo .....	34
<b>Punto 12</b> – San Domingos de Bonaval ....	35
<b>Punto 13</b> – San Francisco .....	37
<b>Punto 14</b> – Catedral .....	38
<b>Punto 15</b> – Praza do Obradoiro .....	45
<b>Punto 16</b> – Pazo Arcebispal .....	50
<b>Punto 17</b> – San Martiño Pinario .....	52
<b>Punto 18</b> – Quintana .....	53
<b>Punto 19</b> – Rúa do Vilar, nº 15 .....	57



## Punto 1 – Mosteiro e Igrexa de Santa María de Conxo



No centro do barrio de Conxo está o Mosteiro de Santa María. Segundo a tradición, foi fundado pola señora Rusuída para lle dar digna sepultura ao seu marido, asasinado cando facía o Camiño de Santiago. De todas maneiras, os documentos históricos atribúen a fundación ao arcebispo Xelmírez co fin de albergar unha comunidade de monxas.

O claustro románico da época da súa fundación no século XII conserva dúas das súas ás nas que se pode ler a inscrición fundacional do ano 1129. As monxas que o habitaban pasaron ao Mosteiro de Antealtares no século XV. Posteriormente foi habitado por frades mercedarios. No século XIX, tras o traslado desta congregación a Poio, acolleu o Sanatorio Psiquiátrico Provincial. Dende 1993, é Hospital Psiquiátrico pertencente ao sistema sanitario público.

A igrexa actual, obra de González de Araújo, data do século XVII. No seu interior conserva un retablo barroco con imaxes de gran valor, entre as que destaca o Cristo crucificado de Gregorio Fernández. Do século XVIII é a portería que se debe a Clemente Fernández Sarela.

### 27 de outubro de 1916 - 1º visita

#### Texto 1

[...] Se visitó luego el manicomio de Conjo, visita que cautivó la atención de los escolares, en la parte artística y en la no menos transcendental de la instalación de aquel hospital y sanatorio modernísimo, en donde la ciencia médica tiene un templo. ¡Qué lástima que el desconocimiento de lo que tiene España haga del manicomio de Conjo cosa de descubrimiento y de tesoro oculto! El Dr. Barcia Caballero, Director facultativo, y sus doctos compañeros médicos, deben honrar esta memoria consignando su meritísima obra. Cuando se salía de Conjo estaba bien entrada la noche. [...]

*Lucidiarium*, nº 2 e 3.

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarellos, p. 295.

## Punto 2 — Estación de Cornes


En 1916, despois de aprobar o preparatorio común para **Letras y Derecho**, Federico García Lorca matriculouse na Universidade. Aínda que ao principio comezou as dúas carreiras, tras comprobar as crecentes dificultades para abordar certas materias de Letras, optou pola de Dereito, carreira na que se licenciou máis pola fortuna con certos profesores que por aplicación e constancia. Lorca acabou a licenciatura en 1923, entre Granada e Madrid.

O feito máis decisivo na Facultade de Dereito, á marxe do aproveitamento académico, foi a súa relación cos catedráticos **Martín Domínguez Berrueta**<sup>1</sup> e con **Fernando de los Ríos**, que tomara posesión do seu posto en Granada en 1911. Con Martín, un docente influenciado pola Institución Libre de Enseñanza, trabou unha estreita relación. Este organizaba unha serie de viaxes de estudos que lle permitiron a Federico, entre 1916 e 1917, ademais de coñecer o patrimonio de España, establecer relación coas institucións e as personalidades relevantes culturalmente de cada cidade. Foi en Baeza, nunha destas viaxes (1916), onde Federico puido coñecer a **Antonio Machado**. Este encontro foi determinante para Lorca, que por estes anos se debatía entre a súa vocación primeira, a música, e a súa incipiente vocación literaria. Tamén en 1916, nunha segunda viaxe, coñecen os alumnos en Salamanca a **Miguel de Unamuno**, entón reitor da Universidade.

Martín Domínguez Berrueta, salmantino de orixe (1869), aínda que burgalés por sentimento, foi esquecido durante moito tempo, esquecida a súa traxectoria, o seu labor docente e xornalístico. Estudante na Universidad de



**Martín Domínguez Berrueta** (Salamanca, 30 de xaneiro de 1869 - Granada, 11 de xullo de 1920)



**Francisco Giner de los Ríos** (Ronda, Málaga, 10 de outubro de 1839 - Madrid, 18 de febreiro de 1915)

<sup>1</sup> Martín Domínguez Berrueta (Salamanca, 30 de xaneiro de 1869 - Granada, 11 de xullo de 1920) é relacionado con Federico García Lorca, o máis relevante dos seus alumnos da cátedra de Teoría de la Literatura y de las Artes da Universidad de Granada. Adscrito intelectualmente á Institución Libre de Enseñanza, Domínguez Berrueta realizou con García Lorca viaxes académicas por España que foron xerme do seu primeiro libro en prosa, *Impresiones y Paisajes* (1918) e determinantes da súa vocación literaria e estética. Pero Domínguez Berrueta non foi o profesor á sombra do poeta; de forte personalidade, dotado dunha mente lúcida, capaz de avanzar nos métodos de ensino universitario nun ambiente dominado pola resistencia ao cambio, exerceu un claro liderado pedagóxico e liderou ideas de renovación ata a súa morte, ocorrida prematuramente cando contaba 51 anos de idade. Ademais diso é notable a súa contribución á mellora das condicións materiais e morais da sociedade salmantina a través do seu labor xornalístico no *Lábaro*, do que foi director (1897-1910), a súa contribución á innovación educativa a través das súas publicacións e a súa condición de publicista da cultura e impulsor de iniciativas de extensión universitaria.



Salamanca<sup>2</sup>, desempeña praza de profesor auxiliar de Letras á vez que exerce como xornalista, combinando a tensión entre as súas firmes crenzas católicas co combate contra o marco e a atmosfera dominante entre as elites propietarias e intelectuais que conformaban o «salmantinismo cultural». Na Salamanca dos primeiros lustros do século XX foi belixerante defensor da separación Igrexa e Estado, militou a favor do cambio cultural e da renovación da práctica educativa, e manifestou o seu apoio ao reformismo social, traducido na esixencia do melloramento da cidade nos ámbitos da limpeza, hixiene e salubridade, así como no impulso das infraestruturas do transporte público. As súas relacións con Miguel de Unamuno non deberon ser fáciles, pois xunto a estes valores, foi home de carácter vehemente, maneiras vaidosas e, probablemente, de talante intelectual arrogante. E, ao parecer, transformáronse en conflitivas dada a súa defensa da reforma universitaria e da apertura internacional. Este perfil persoal, social e intelectual e a súa adhesión ás formulacións da Institución Libre de Enseñanza guiaron a acción de Domínguez Berrueta como Catedrático de Teoría de la Literatura y de las Artes da Universidad de Granada, alí foi o creador dun activo programa de excursións con universitarios desde o verán de 1916 a finais de 1918.

Situar o alumno no núcleo da actividade educativa e promover o seu acceso ao coñecemento ligado ás fontes, liberado dos libros e vitalizado pola experimentación constituían a súa tarefa docente.

*«...de entre todos los métodos de enseñanza ninguno es tan fructífero como este de las excursiones de estudio. Ellas nos descubren la patria que está casi por completo ignota»* (Luis Mariscal Parado).

Todos os anos, segundo nos conta José Mora Guarnido, como fin de curso e tras unha selección caprichosa do alumnado, emprendía un itinerario. Primeiro empezou por xirar visitas aos conventos e monumentos granadinos ata que se lanzou a realizar as viaxes fóra de Granada:

- En febreiro de 1914 a Baeza, Jaén, Cabra e Córdoba; a esta viaxe apuntáronse sete alumnos. No Instituto de Baeza foron recibidos por Antonio Machado.
- Nunha nova viaxe a Baeza, Úbeda, Córdoba e Ronda en xuño de 1916 xa aparece o alumno Federico García Lorca. A súa incorporación realízase marcado pola morte do Antonio Segura Mesa, maio de 1916, o seu preceptor musical durante moito tempo. O seu papel nas viaxes materialízase como pianista, posibilitando un peche musical ás veladas artístico-literarias.
- Será a partir da próxima viaxe a Castilla, Galicia e León de 1916 a que serviu a Lorca como inspiración da súa primeira obra *Impresiones y Paisajes* publicada en 1918. Aínda que igual a idea foi copiada dos escritos que antes fixera o seu compañeiro de curso Luis Mariscal que cualificou a Lorca de *«capitalista y poeta por sport»*.
- Outra vez a Baeza na primavera de 1917.
- E unha última viaxe a Burgos en verán e outono de 1917.

---

<sup>2</sup> O seu traballo foi recuperado por María J. Jabato Dehesa: *Martín Domínguez Berrueta: luz en la sombra*, Real Academia Burguense de Historia y Bellas Artes-Institución Fernán González, Burgos, 2014.

Estas viaxes puxeron a Federico en contacto con outras rexións de España e axudaron a despertar a súa vocación como escritor. Froito diso sería o seu primeiro libro de prosa, *Impresiones y paisajes*, publicado en 1918 e custeado polo pai do poeta. Non se trata dun simple diario das súas excursións, senón dunha pequena antoloxía das súas mellores páxinas en prosa. O novo poeta discorre sobre temas políticos —a decadencia e o porvir de España, as súas inquietudes relixiosas, a vida monacal— e os seus intereses estéticos, como eran o canto gregoriano, a escultura renacentista e barroca, os xardíns ou a canción popular. Con respecto a Galicia, Federico García Lorca ofrécenos unha visión da terra e das xentes daquela época, desde o sentimento dun poeta novel. As impresións deste mozo viaxeiro translocen tópicos, pero mostran xa a sensibilidade dun artista popular, aberto a unha interpretación da realidade favorable aos marxinados.



Visita á Alhambra dos alumnos de Martín Domínguez Berrueta. Lorca aparece sentado no chan o segundo pola dereita. Foto: Fundación FGL

## A VIAXE DE ESTUDOS A GALICIA

En outubro de 1916, aos 18 anos, Federico García Lorca participa na viaxe de estudos por Castilla, Galicia e León. O itinerario foi o seguinte: Madrid, El Escorial, Ávila, Medina del Campo, Salamanca, Zamora, Astorga, Ourense, Redondela, Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, León, Sahagún, Venta de Baños, Burgos e Segovia. Durou 24 días, 5 en terras galegas: tres horas en Ourense, un cambio de tren en Redondela, 3 días en Santiago; unha xornada, sen durmir, na Coruña; e algo máis dun día en Lugo. Impactouno tanto que en outubro de 1917 deixou testemuña escrita de que se cumpría *«un año que salí hacia el bien de la literatura»*, xa que antes se centrara na música. El *Heraldo de Madrid* cualificouna como *«la primera excursión de esta importancia que se lleva a cabo en España»*.

A excursión formativa, que non puidera facerse durante o verán, realizouse entre o 15 de outubro e o 8 de novembro de 1916, segundo sinala o profesor Berrueta na súa *Crónica del Viaje*. Nela relátanse con certo detalle as actividades desenvoltas e réndese conta do seu custo: a subvención estatal fora de 1.482 pesetas, alcanzando os gastos totais o montante de 2.196,48 pesetas, a diferenza tivo que ser compensada, por cada un dos seis participantes, cunha achega de 119.08 pesetas. O profesor-relator pregúntase *«¿Qué cómo se hacen estos milagros?»* E respóndese que *«Con voluntad firme y con amor a la enseñanza»*.



Na viaxe, organizada por Martín Domínguez Berrueta viaxaron os cinco mellores expedientes do primeiro curso de Teoría de la Literatura y de las Artes: Francisco López Rodríguez, Luis Mariscal, Ricardo Gómez de Ortega, Miguel Martínez Carlon, Rafael Medina Ibáñez e Federico García Lorca.

Dous daqueles colegas deixaron referencias: **Luis Mariscal Parado**, entón o talento literario máis prometedor, designado como secretario da actividade, publicou 23<sup>3</sup> artigos no *Noticiero Granadino*, entre o 19 de outubro de 1916 e o 24 de febreiro de 1917; e **Francisco López Rodríguez, Paquito**, en novembro de 1927, en *Reflejos, revista literaria ilustrada*, de Granada, difundiu o artigo «Santiago de Compostela», onde rememora a estancia na cidade, con fotografías. Ademais, na revista *Lucidarium*, igualmente de Granada, publicouse en xaneiro de 1917 unha crónica, sen sinatura, que con toda probabilidade é do profesor Berrueta, sobre os obxectivos da viaxe.



Federico García Lorca, terceiro pola esquerda en segunda fila, na súa visita á Universidade de Santiago cos seus compañeiros de clase. No centro, o seu profesor Martín Domínguez Berrueta, flanqueado polo reitor da USC Cleto Troncoso e o catedrático González Salgado - Foto de Ksado / Arquivo Gráfico de Alvarelllos Editora

O **15 de setembro de 1873** inaugurouse a primeira liña de ferrocarril de Galicia, que unía a Estación de Cornes —no termo municipal de Conxo, actualmente Santiago de Compostela— coa de Carril, en Vilagarcía. Así, Cornes foi o punto de

<sup>3</sup> As vinte e cinco matrículas de honra que figuran no expediente do Instituto Padre Suárez máis outras tantas no da Universidade de Granada, onde cursou as carreiras de Dereito e Filosofía e Letras, non se corresponderon cunha especial brillantez na diplomacia.



O edificio provisional que acolheu a Estación de Cornes durante 47 anos (Compostela Verde).



A Estación de Cornes en 1909 (Compostela Verde).



A Estación de Cornes xa consolidada, construída en 1920 (Compostela Verde).

partida do ferrocarril, que chegaba á comunidade galega 25 anos despois de que se inaugurase a primeira liña de España, Barcelona-Mataró, en 1848.

Desde que se comezou a cuestionar a construción da liña Cornes-Carril, uns trece anos antes da súa posta en funcionamento, a idea era que a localización da Estación de Cornes fose provisional, xa que estaba moi lonxe do centro urbano. Deste xeito, a estación foi construída nas súas orixes como un pequeno edificio de madeira dunha soa planta que tan só buscaba servir de refuxio aos pasaxeiros que esperaban a chegada do ferrocarril. Con todo, a estación de madeira tivo pouco de provisional: mantívose en pé durante case 50 anos a pesar das continuas críticas á súa incomodidade, derivada da falta de espazo e acondicionamento.

Non foi ata 1920 cando se construíu na súa mesma localización o edificio definitivo da estación, de maior tamaño e feita de cachotería, ladrillo e formigón. Así as cousas, esta construción de máis calidade e cunha maior vocación de permanencia foi utilizada menos tempo que a provisional. En 1925, o Concello de Conxo pasou a formar parte de Santiago de Compostela. O **14 de abril de 1943** chegou o penúltimo capítulo na vida da Estación de Cornes: a apertura da liña A Coruña-Santiago levou a pechala e a abrir o edificio que actualmente alberga a estación de hoxe.

### 25 de outubro de 1916 - 1º visita

Un grupo de estudantes granadinos, logo de visitar, entre outras cidades, Ávila, Salamanca, Zamora, Astorga, apéase na estación ferroviaria de Redondela, na tarde do día 25. O

tren de Castilla —expres Madrid-A Coruña—, combinaba en Monforte cos chamados rápidos de Ourense a Vigo, con transbordo en Redondela para seguir a Santiago. Na noite do **25 de outubro de 1916** Federico García Lorca chegou a Santiago de Compostela por vez primeira. Martín Domínguez Berrueta, vén acompañado polos alumnos Francisco López Rodríguez, Luís Mariscal, Ricardo Gómez de Ortega, Miguel Martínez Carlon, Rafael Medina Ibáñez e Federico García Lorca. Viñan de Redondela en tren e baixaron na estación de Cornes (daquela o



edificio era de madeira e pertencía ao Concello de Conxo). Foron recibidos polas autoridades da cidade e polo reitor da Universidade<sup>4</sup>, recoñecendo o carácter pioneiro desta actividade: unha excursión de estudo que cruzou toda España, de Granada ata Galicia.

O 10 de decembro de 1917 FGL publica na revista *Letras* un artigo titulado «Impresiones del viaje. Santiago», no que nos describe a viaxe en tren desde Zamora a Santiago de Compostela emprendida en outubro de 1916. Pola información que aparece en *Lucidarium*, *Revista de la Facultad de Filosofía y Letras* da Universidad de Granada, sabemos que o grupo chegara desde Salamanca o día antes ás doce e corenta e oito, poñéndose, despois de comer, a visitar os monumentos máis destacados de Zamora. Pola tarde deron una charla da viaxe ante o Círculo de Zamora e Lorca tocou o piano «con una maestría y un gesto artístico refinadísimo» (segundo palabras del *Correo de Zamora* do día seguinte). Despois o grupo, sen durmir, marchou a coller o tren de Galicia. Segundo *Lucidarium*, «los excursionistas cenaron y esperaron en pie hasta la una de la madrugada, hora de partir el tren...». A viaxe dura vintedúas horas, e impresionou ao mozo Lorca. Sabemos polo relato da ruta que Berrueta lle dirixiu ao reitor da Universidad granadina que «por término medio las horas de visita a los monumentos y estudio de obras artísticas ha sido el de ocho horas, y que a estas deben agregarse otras dos para escribir apuntes y notas del viaje», polo que é probable que o propio don Martín estimulara a Federico a que anotase as súas impresións daquel percorrido ferroviario.



Postal do século pasado do viaduto de Redondela.

Foto: Albergue Alfonso XII

## Texto 2

### Impresiones del viaje Santiago

Salimos de Zamora a la una de la noche, y andar y andar... Llegamos a Astorga a las cinco de la mañana, y vuelta a caminar. El paisaje espléndido todo verdura; multitud de parrales graciosamente sostenidos por largas piedras; las montañas muy altas, y en el fondo de ellas, por entre muchas piedras, corre el río Miño lentamente, dulcísicamente, con un color azul verdoso que contrasta con los colores chillones de los voladizos de las casucas que en él se asoman para mirarse. Verdes, granates apagados, azules ténues, lejanías blancas...

agua... y andar y andar... siguen grandes praderas con un verde luminoso; en ellas pacen vacas y corderos guardados por aldeanas descalzas con pañuelos de colores chillones en la cabeza... Y andar y andar... por un lado del tren siguen las montañas cubiertas de verde, recortadas con el blanco dulzón del cielo y al otro lado el Miño... Se comprende viendo el paisaje de Galicia el carácter triste de sus habitantes y su música, que dice de penas, de amores, de imposibles... La gaita gallega tiene sonidos de miel, sus melodías huelen a cantueso y a tomillo... seguimos andando y más montañas cada vez más altas y al otro lado el Miño... Llueve a ratos... hace frío... Andar... andar... El sol en las estaciones; todo el mundo muy abrigado... hace frío... andar, andar... ¡El sol!

<sup>4</sup> Cleto Troncoso Pequeño foi o reitor da USC entre 1906-1919.

¡Qué gusto cuando se tiene frío calentarse por los tibios rayos del sol! ...se siente uno confortado, mimado por él; me recuesto en el blando asiento y al son del traque traque del tren me adormilo... ¡qué gusto!... y andar... andar... pasan, en visión cinematográfica, montes, prados, cielo, agua... ¡Redondelaaa!... dice una voz chillona que se oye de lejos. El tren se para. ¡Por fin! Descendemos de él; aquí trasbordamos. No sé qué tienen los transbordos: qué antipáticos... aunque se tenga tiempo se cree que uno va a quedar en tierra; corre que te corre... ya están las maletas colocadas; a coger los sitios. Entran en el vagón unos gallegos que nos miran extrañados: les choca nuestra charla. La decoración cambia. Pasamos por el viaducto de Redondela. La ciudad se ve a vista de pájaro. Un ancho paseo con una fuente en medio donde charlotean unas muchachas; sus risas apenas se oyen. Un túnel. ¡Qué largo...! Otra vez la claridad. En este momento el paisaje es enorme. Al fondo se ve la ría de Pontevedra. Está encajada (por esta parte) entre dos grandes montañas verdes pobladas de blancos caseríos como todas las de esta tierra. En el centro de la ría hay una isla de verdura; al fondo, entre ténues galas de neblina, lejos, muy lejos, el mar... Vamos por la ribera de la ría. El tren se inclina suavemente hacia ella... su brisa nos llega y azota el rostro. Se oye silbar el viento... llueve. Lentamente, gradualmente, el paisaje se va quedando sin luz. En la ría unas tencas cabecean soñolientas. Es la hora del crepúsculo. Calma, paz. Ya casi es de noche. No se ve más que una mancha negra y otra gris: las montañas y el cielo... Ya nada se ve; de cuando en cuando, una lucecilla roja. La noche. Poesía grande, infinita de la Naturaleza, cargada de ruidos extraños y de músicas celestiales... El tren va a gran velocidad. La obscuridad es grande. No se ve... Y entonces penetró en el vagón, el cual se haya iluminado por un pobre mechero de aceite, que le comunica un aspecto tristísimo. ¡Qué ambiente tan ahogado!... Unos señores dormitan tranquilamente en un rincón; todos los demás aletargados; y yo también, influido por el medio ambiente, me acomodo en un asiento y poquito a poco me voy quedando dormido... y mientras tanto, el tren corre triunfal los campos de Pontevedra arrojando bocanadas de fuego que iluminan trágicamente la ría...

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarelllos, p. 237-240.

### Texto 3

#### XI De Salamanca a Santiago

[...] Pero todo se olvidó en la velada que se prolongó hasta la una de la madrugada (!), hora de salida del tren que nos había de conducir a Galicia. Y sin dormir, pues había que cambiar de tren más de una vez, y el paisaje, desde que amaneció, despertaba a un marmolillo y, parodiando a Enrique IV, desayunamos en Astorga, almorzamos en Orense y sin temor a las vísperas, dimos con nuestros huesos ya bien entrada la hora de cenar en Santiago. En Santiago hemos sido recibidos regiamente. El Rector don Cleto Troncoso, don Armando Cotarelo, alcalde también, y don José González Salgado, se han dedicado a nosotros. Y hasta nos ha dicho el señor Cotarelo que dio cuenta en la sesión del Ayuntamiento de nuestra llegada y se acordó de poner a nuestra disposición el coche de la alcaldía y obsequiarnos y no sé cuántas cosas más. ¡Enorme!



Luis Mariscal  
Santiago, X-1916<sup>5</sup>

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarellos, p. 108.

## Texto 4

### Camino de Galicia

Astorga, Monforte, el valle del Sil y el Miño, entre montañas, la casa de Feijóo y la de Sarmiento, Tuy, las Rías, Pontevedra, Orense... y a las once de la noche del 25 llegó la excursión escolar de Granada a Santiago de Compostela.

### Cinco días en Galicia

En Santiago de Galicia habían preparado el alojamiento y esperaban fraternalmente a los enviados de la Universidad de Granada el rector de la Universidad D. Cleto Troncoso, el catedrático señor González Salgado y el alcalde, catedrático también, Sr. Cotarelo. Aquella noche el Sr. Cotarelo había anunciado en sesión Pública en el Ayuntamiento la llegada de los excursionistas, y la Corporación municipal expresó su agrado y su afectuoso saludo.

*Lucidiarium*, nº 2 e 3.

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarellos, p. 291-292.

## Texto 5

### Madrigal á cibdá de Santiago<sup>6</sup>

Chove en Santiago  
meu doce amor.  
Camelia branca do ar  
brila entebrecida o sol.

Chove en Santiago  
na noite escura.  
Herbas de prata e de sono  
cobren a valdeira lúa.

Olla a choiva pol-a rúa,  
laio de pedra e cristal.  
Olla o vento esvaído  
soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar  
Santiago, lonxe do sol.  
Agoa da mañán anterga  
trema no meu corazón.

FGL (1936), *Seis poemas galegos*, Editora Alvarellos, edición facsimilar de 2018.

<sup>5</sup> Publicado en el *Noticiero granadino* o 15-XII-1916.

<sup>6</sup> 'Madrigal á cidade de Santiago' é a única composición da que se conserva copia manuscrita, e única publicada en prensa antes de saír en libro.

## Punto 3 – Mercado en Santa Susana e a Ferradura



Feira en Santa Susana, 1919.



Feira en Santa Susana, 1919.



Feira en Santa Susana. Foto de Ruth Matilda Anderson, 1924.

### 27 de outubro de 1916 - 1ª visita

#### As orixes dun recinto feiral

As orixes remotas deste xardín hai que buscalas no século XII cando o arcebispo Xelmírez edifica no lugar da actual Santa Susana unha igrexa co título de Santo Sepulcro. Despois da viaxe a Braga do arcebispo e do roubo naquela localidade das reliquias desta santa a capela pasará a chamarse Santa Susana, converténdose daquela en copatroa da urbe. O lugar, extramuros da cidade amurallada, formou parte dende aquela de ritos procesionais e viacrucis que saían dende diversos puntos ata a capela, cruzando a porta Faxeira e o espazo que a antecede, o chamado Campo da Estrela e subindo como sucede a día de hoxe pola costa ata o cumio.

Mais a carballeira que rodea a capela de Santa Susana ata o século XVI formaba parte dun extenso bosque que chegaba ata o mosteiro de San Lourenzo. Este enorme bosque era daquela propiedade do Conde de Altamira, un dos grandes señores da cidade, ata que no ano 1546, exiliado xa na corte, decide doalas á vila de Santiago como «pasto común e plantar árbores e arboledas». Dende aquela este espazo ao redor de Santa Susana converteuse nun espazo público da cidade acollendo, polo tanto, diversas funcións. Entre elas foi o gran recinto feiral, mercado de gando e *mallum* da cidade.

### Texto 6

#### XIV Mercado gallego

Hoy es día de mercado. El Mercado tiene un gran interés para quien quiere estudiar el ambiente artístico y el carácter de una población. El mercado es la plenitud de exteriorización de la vida del pueblo [...]

¡Y un mercado en Galicia! Para mí esta expresión es una plenitud de promesas que punza el deseo. ¡Es tan interesante!

Galicia, encantadora toda, como región, como estructura geográfica, como paisaje, como carácter, como población, co lingua, como música, como costumbres... Galicia como toda región verdaderamente definida, es un todo indisoluble, constituido por una pluralidad de elementos que se escapan individualmente como insignificantes y que, sin embargo, borrando uno cualquiera, el todo sufre. [...]





Feira en Santa Susana 1919. Foto Costa Buján e Cabo Villaverde.



Feira en Santa Susana, 1905.



Feira en Santa Susana, 1905.



Feira en Santa Susana, 1919.

El mercado se celebra en Santiago en la Herradura. La Herradura es un paseo hermosísimo que domina la ciudad. En su centro, en un montículo, se celebran los tratos y, desde los paseos circundantes, a la vez que se asiste al mercado, se atalaya un paisaje espléndido, verde, todo verde, como toda Galicia que hasta en las piedras nace el musgo. Pero en Galicia hay una gama variadísima de verdes —verdes pálidos, verdes azulados, verdes amarillentos—, bajo esta luz tamizada y suave que se filtra con reflejos plateados y que rodea todos los objetos como un nimbo azulado.

Estamos de frente a la ciudad. En la parte alta se destaca en primer término un edificio magnífico, neoclásico, fundación eclesiástica como todo en Santiago. Es el palacio de Rajoy o seminario de Confesores y en el hoy están establecidos además de los Confesores de la Catedral y del administrador de la fundación y los niños de coro, el Ayuntamiento, Juzgado, Cárcel y no sé qué más dependencias.

Por encima sobresalen las torres de la Catedral y el frontis barroco, con la modalidad del barroquismo gallego, del Obradoiro, la torre del Reloj y la Galería elegantísima terminada por torrecitas de cubierta escalonada que dan cierta impresión de torre japonesa y, más a la izquierda, el Hospital ahogado en la mole de San Martín Pinario y San Francisco, y el caserío, todo coronado por las chimeneas colosales y tan fuertes que parecen torrecillas y, al fondo, en todo el círculo, montes azules manchados de negro, por el arbolado, y el Humilladoiro<sup>7</sup>, distante cinco kilómetros, y en el que los peregrinos a la vista de la ciudad besaban fervorosamente el suelo y lo regaban con lágrimas...

Modernamente, la urbanización ha modificado mucho la ciudad, quitándole parte de su semejanza con Jerusalén. Aún suando no tanto como en otras ciudades, el modernismo ha cometido aquí muchos desmanes,

Pero, a Dios gracias, el modernismo no ha negado al Mercado grande, y en el centro dei montículo, en el espacio pelado recubierto de césped, cerrado por la arboleda amarillenta, se destaca un vivo

<sup>7</sup> Os humilladoiros son amoramentos de pedras que se atopan en puntos do Camiño de Santiago. Os máis coñecidos son a chamada Cruz de Ferro, no monte de Irago e o do Monte do Gozo, icónico porque é onde os peregrinos observan por vez primeira as torres da Catedral.



Feira en Santa Susana 1924.



Feira en Santa Susana 1924.



Feira en Santa Susana 1924.

banquete de color<sup>8</sup>. El gris sucio de las carretas alineadas en círculo, el blanco y el merino de las ovejas, el tostado o negro de algunas cabras, y los cerdos canosos y el marelo de las vacas tan mansas, de ojos tan dulces... Y estos hombres vestidos de paño burdo, ribeteado de rojo, la *gallega*, los *calzós* que dejan ver el blanco de lienzo de las *cirolas*, muchos abrigados con gabanes rígidos como si fueran de cuero, y las mujeres de amplias sayas, recoletas y *panos* de colores vivos; *roxos*, *marelos*, *de huevo*, rosa, rameados en el talle y en la cabeza, anudados en la frente sobre los ojos azules, dejando al descubierto las trenzas rubias... [...]

Luis Mariscal

Santiago de Compostela, X-1916<sup>9</sup>

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarellos, p. 128-135.

Un dos seus primerísimos poemas comeza con este verso «*Yo estaba triste frente a los sembrados*». Está datado o **23 de outubro de 1917** (xusto un ano despois da súa primeira viaxe a Galicia.

## Texto 7

[...] Luego pensé en mi habitación a solas  
Y al calor de mi lámpara:  
Todos vivimos en al bosque negro  
Que Shakespeare se inventara.  
Hay quien se siembra lirios en el pecho  
Y le nacen ortigas.

Hay quien canta  
Creyendo que es alondra matutina,  
Y está muda su flauta.  
Pero, Señor, ¿el corazón es cosa  
Tan frágil y tan falsa?  
Pienso serenamente en mi tristeza.  
Es ya la madrugada  
Y veo en cada silla de mi cuarto  
Sentado un gran fantasma.

23 octubre 1917

FGL (1996) *Obra inédita. Versos*, Galaxia Gutenberg.

<sup>8</sup> O Mercado ou Feira de Santa Susana, celebrouse neste lugar cada xoves ata 1972.

<sup>9</sup> Publicado en el *Noticiero granadino* o 29-XII-1916.

Os seus últimos catro versos lémbrennos o poema «*Negra sombra*» de Rosalía de Castro publicado en *Follas Novas* (1880)

Cando penso que te fuches  
Negra Sombra que me asombras,  
Ô pé d'os meus cabezales  
Tornas facéndome mofa.

Uns meses despois, o **7 de maio de 1918**, Lorca compón o poema que comeza como «*Que nadie sepa nunca mi secreto / El secreto de mi corazón*» onde manifesta unha súa condición homosexual e xorde a precaución. Nas súas estrofas cuarta e quinta remiten á lectura profunda de Rosalía e, de novo, ao impacto que produciu a «*Negra sombra*».

## Texto 8

Que nadie sepa nunca mi secreto.  
el secreto de mi corazón.

[...]

¡Qué amargura tan dulce es querer  
con amor imposible y doliente!

Casi como una mujer

Que arumbada en un lecho perdido,

Arrugada, podrida y deshecha,

Suspirara por príncipes blancos

En el reino fatal del olvido.

[...]

¿Qué tendrá mi corazón en esta clara  
/ mañana?

Tristeza que ya me ahoga

¿Quién es quien toca mi espalda?

No me atrevo a entrar en sombra

Y el crepúsculo me abraza.

No me atrevo a oler los nardos

Y el cuervo a mi lado grazna.

He visto un raro perfil en una sombra que  
/ pasa

[...]

¡Ay, Dios Mío!, ¡vete!, ¡vente!

Sombra opaca que me tapas

[...]

Pero nadie sobre el mundo

sabrá mi secreto. ¡Aguarda,

aguarda, luna rosada!

Que yo me iré a tu reinado

blanco como desposada.

FGL (1996) *Obra inédita. Versos*, Galaxia  
Gutenberg.

## 29 de marzo de 1919

O **29 de marzo de 1919** escribe «*Salutación elegíaca a Rosalía de Castro*». Dos escritores galegos, Lorca sentía especial admiración por Rosalía de Castro, afirmada, posiblemente, polas recomendacións de J. R. Jiménez, lector rosaliano, autor que deixa nel influencias nos seus primeiros poemas (*Libro de poemas*, 1921). Afirmo **Luis García Montero**: «García Lorca hace una salutación elegíaca a Rosalía de Castro en un poema de juventud, redactado el 29 de marzo de 1919. Aquí ya no está Castilla de por medio. Desde las entrañas de Andalucía a las entrañas de Galicia, y habla de tristeza, de sinceridad, pero también de dolor social, de infancia huérfana, de solidaridad con la emigración. Yo creo que es un joven García Lorca lleno de sabiduría y de comprensión de lo que había significado Rosalía para la poesía española y también para su propia formación en las compasiones románticas: La tristeza íntima se identifica con la tristeza al maltrato de una tierra y por eso escribe desde las entrañas de Andalucía a las entrañas de Galicia.»



### Salutación elegíaca a Rosalía de Castro

Desde las entrañas de la Andalucía,  
mojados con sangre de mi corazón,  
te mando a Galicia, dulce Rosalía,  
claveles atados con rayos de sol.

Caigan los claveles en tu calavera  
manchando su blanco marfil de pasión,  
y hagan el efecto de una cabellera  
con trenzas de sangre nevada de olor.

Llevan el rocío de mi madrugada  
pondrán en tu cráneo vacío mi amor,  
y en tus huesos tristes, rumor de Granada  
llenando de estrellas la noche cerrada  
que como ceniza de sombra quemada  
cubre la cobacha de tu panteón.

El clavel es alma de esta tierra fuerte  
cubierta de olivos, palmeras y al son  
que el Mediterráneo sobre el campo vierte,  
el clavel asoma rojo entre el verdor  
cual copa imposible que beba la muerte,  
levantando el alma latina hacia Dios.

Ya ves Rosalía que mando a tus mares  
lo que en este campo es estrella flor.  
Mándame tú en cambio rumor de pinares  
ruido de rebaño que vuelve a sus lares,  
y el panal meloso de gaita y cantares  
que se oye en tus campos al primer albor.

Quiero que consueles mi vida exaltada  
a tiempo mi alma perdió su pastor.  
Quiero que me cuentes tu vieja tonada  
a la orilla tibia del hogar sentada  
por toda la gente sin pan que sufrió.

Quiero que lloremos la melancolía  
que sobre nosotros el cielo dejó,  
pues vamos cargados con cruz de poesía  
y nadie que lleva esta cruz descansó.

Junto a los cipreses que rompen el cielo  
saludo a los sauces que tiene Padrón.  
Quiero que con estos claveles sangrientos  
llegue a tu sepulcro mi llanto y mi voz.

Federico García Lorca (29-III-1919)

### 11 de maio de 1932 - 2º visita



Inaugurada o 30 de xullo de 1917.

Despois da conferencia impartida no Colexio de San Clemente, da cea no Bar Viño, do paseo por Compostela... decide levarlle unhas flores a Rosalía de Castro. Carlos Martínez-Barbeito detalla máis o evento.

### Texto 10

De allí, y siempre prendido yo en el encanto de su conversación, fuimos a recoger las flores que debía tenernos preparadas el jardinero municipal en el **pabellón de la Herradura**, para depositarlas en la tumba de Rosalía. Con ellas nos fuimos por la **Virgen de la Cerca** y las **Ruedas** al convento de **Santo Domingo**. Allí aguardamos; contemplando el jardinillo conventual y la extraña escalera de caracol, a que nos fuera abierta la iglesia. Por fin entramos en ella poseídos de una emoción y un respeto indecibles. Nos acercamos a la tumba de la cantora del Sar y en ella pusimos las flores en silencio. Yo guardé una que recogí del ramo ya depositado sobre el sarcófago, y la conservo aún entre mis cosas íntimas, ya seca y apergaminada: es una camelia.

## Punto 4 — Real Sociedad Económica de Amigos del País

# A COMITÉS DE COOPERACIÓN INTELECTUAL

Na primavera de 1932 veu a Galicia Arturo Soria para organizar os **Comités de Cooperación Intelectual** análogos aos que xa funcionaban no resto de España formando núcleos de escritores, artistas e homes de espírito que tiña por obxecto promover

empresas de cultura e moi especialmente facer posible o desprazamento de conferenciantes e concertistas de relevo por toda a

península. Para crear o grupo de Santiago de Compostela, foi convocada unha reunión no salón da Alcaldía, rexida entón por **Raimundo López Pol**<sup>10</sup>. Alí estaban, entre outros, ademais do alcalde e o comandante militar, o reitor da Universidade, **Alejandro Rodríguez Cadarso**<sup>11</sup>, algúns decanos e catedráticos, uns cantos escritores e artistas e un reducido grupo de estudantes de diversas facultades.

Explicado o obxecto da reunión e, en liñas xerais, o que había de ser o futuro Comité, os presentes acordaron constituílo e redactar unha especie de manifesto que explicase os fins e que solicitase o apoio moral e económico da poboación culta de Santiago. O manifesto, redactado por **Arturo**



Arturo Soria y Espinosa  
(1907-1980)



Alejandro Rodríguez  
Cadarso



Raimundo López Pol

<sup>10</sup> **Raimundo López Pol** naceu en Santiago de Compostela en 1877 e finou na mesma cidade o 19 de setembro de 1958. Era comerciante e político sendo alcalde de Santiago de Compostela 1931-1934. Logo do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 sufriu multas e foi desterrado. Permaneceu tres anos en Cuba, retornando a Santiago de Compostela en xullo de 1939.

<sup>11</sup> **Alejandro Rodríguez Cadarso** naceu en Noia, 21 de agosto de 1887 e finou en Lubián, Zamora o 15 de decembro de 1933. Foi médico, reitor da Universidad de Santiago de Compostela e deputado pola ORGA. Faleceu nun accidente de coche cando se dirixía a Madrid.



Arturo Cuadrado Moure

**Cuadrado**<sup>12</sup>, apareceu aos poucos días e ía subscrito polas autoridades civís e académicas e por algúns universitarios.

Fóra do Claustro Universitario e na reducida porción do corpo estudantil, o chamamento non podía atopar moito eco, salvo no grupo xuvenil formado por Arturo Cuadrado, que en certo xeito o capitaneaba desde o seu cuartel instalado na librería da Calderería, sede ao propio tempo da Editorial Niké; **Luís Manteiga**, enfermo de tise, de pobreza e de saudade; **Fernando Barros Pumariño**, máis dado á loita política que ás tarefas da cultura; **Fernández Armesto**, **Félix González**, **Del Riego**, **Carballo Calero**, **Ánxel Fole**, **Francisco Lamas**; **López Sendón**, **Ventura** e **Juan Manuel Castro Rial**, **Álvaro Ruibal**; o xornalista **Santiso Girón**, **Luís Tobío**, profesor e diplomático; **José María Domínguez**; **López Dura**, o doutor **Devesa**, mecenas dos intelectuais necesitados; o debuxante **Luís Seoane**, o pintor **Carlos Maside**, o malogrado escultor **Eiroa**, o violinista **Granell** e os catedráticos de Filosofía e Letras **Ciriaco**

**Pérez Bustamante** e **Abelardo Moralejo**; o que o era de Dereito Romano, **Arias Ramos**; **Sebastián González**, arqueólogo; o profesor de Dereito Administrativo, **Feliciano Rolan**, e o grupo dos seis que a si mesmos se chamaban «*Merry boys*», que formaban unha capela inaccesible aos demais e que eran os estudantes de Medicina **Domingo García Sabell**, **Casal Aboy**, **Gallego Díaz**, **Álvarez González**, **Álvarez García** e **Prieto**.

Todos estes mozos e os que xa non o eran estaban unidos por unha vocación polas tarefas do pensamento e da arte; as súas ideas políticas ían desde un monarquismo un tanto conservador ata o comunismo de acción, pasando polo galeguismo. Os máis deles, sen diñeiro e co ímpeto demoledor frecuente na mocidade que non naceu en dourado berce, falaban e xesticulaban por rúas e prazas ou no fondo dos cafés; outros dous centros de reunión albergábanos: a librería de Cuadrado e, aos engallados e illacionistas «*Merry boys*», o salón da súa cabeza visible Domingo García Sabell no entrechán da rúa de Xelmírez, fronte á Rúa Nova. Antes de que todos estes confluísen na sede universitaria de Santiago non se coñeceu semellante eclosión de entusiasmo, de frenesí e de paixón polas letras, as artes e a política.

<sup>12</sup> **Arturo Cuadrado Moure**, naceu en Dénia (Alacant) o 3 de maio de 1904 e finou en Buenos Aires o 6 de agosto de 1998. Fillo do mestre Arturo Cuadrado, de Valladolid, e Mercedes Moure Carollo, da Agualada. Coa morte do pai regresou a Galicia coa familia. En Compostela, xunto a Xoán Xesús González abriu en 1926 na rúa da Calderería a barraca-librería e editorial **Niké**, na que o prezo o puña o comprador, editando algúns libros a revista **Resol**. Dende 1929 ata a sublevación militar colaborou na prensa. O 14 de xullo de 1936 viaxou a Madrid xunto a Castelao e Ánxel Casal para presentar ante as Cortes o Estatuto de Autonomía que viña de ser aprobado en referendo, onde o sorprendeu a sublevación. En Valencia casou con Amparo Alvarar e editou o primeiro libro de poemas, **Aviones**, de poesía comprometida. Participou activamente nas campañas e mitins de apoio á República. Pablo Neruda facilitoulle o salvoconduto que lle permitiu pasar de Francia ao exilio de Buenos Aires. Entre os exiliados atopou a amizade de Luís Seoane e, máis tarde, de Lorenzo Varela. Participou na fundación de editoras: EMECÉ, Nova e Botella al Mar; onde publicou dous libros de poemas, **Soledad imposible** e **Amar sin amor** (1981); pero sobre todo aparecen os innumerables prólogos e introducións así como as coleccións Camino de Santiago, Hórreo, Dorna e Pomba, que supoñen a supervivencia da cultura galega e do galego como lingua literaria durante os «anos escuros».



En maio de 1932, Federico foi convidado polos Comités de Cooperación Intelectual.

#### Datas:

- Primeiros de maio de 1932 Betanzos.
- 6 de maio de 1932 en Vigo.
- 7 de maio de 1932 en Compostela.
- 8 e 9 de maio de 1932 na Coruña.
- 10 e 11 de maio de 1932 en Compostela.

Cando Federico chega por segunda vez a Galicia, na primavera de 1932, e coñece a **Carlos Martínez-Barbeito**<sup>13</sup>, este é un estudante de Filosofía e Letras e de Dereito da Universidade de Compostela, que acaba de ser premio extraordinario de reválida de bacharelato e ten sona de escritor novel, moi lido e familiarizado coa cultura, nas publicacións da súa cidade natal: *El Orzán*, *El Momento*, *La Voz de Galicia*, *Adelante*... Do grupo de galegos que recibe a García Lorca nas viaxes a Galicia dese o ano 1932, foi Carlos sen dúbida o máis achegado á querenza de Federico. Acompañouno polas rúas de Santiago e aparece ao seu carón nos actos máis importantes: visita á Catedral, á colexiata de Santa María a Real do Sar, ofrenda floral a Rosalía de Castro... Comparten momentos de animada conversa no café Suízo, onde Federico lle dedica libros seus, debuxando neles figuras de amizade, e Carlos preséntao na súa conferencia da Sociedade Compostelá de Amigos do País. Aquí comeza unha amizade.

Nesa viaxe de maio de 1932 a Compostela aparece en *El Eco de Santiago* que o día **11 de maio de 1932**, Federico depositou un ramo de flores na tumba de Rosalía de Castro, acompañado por membros do Comité de Cooperación Intelectual de Santiago. **Carlos Martínez-Barbeito** afirma, en cambio, que só o acompañou el, na mañá do 11 de maio. Federico manifestou o seu desexo de homenaxear a Rosalía e ambos foron á Alameda de Santiago, onde un xardineiro municipal lles preparou un ramo de flores, que lle ofreceron á poeta. Queda constancia nos xornais da época e nos testemuños dos seus amigos a promesa do poeta granadino de volver a Santiago o 25 de xullo, Día da Patria Galega, para unha homenaxe universal a Rosalía de Castro, no que participarían tamén Azorín, Ortega y Gasset, Unamuno, Díez-Canedo, pero sen «diputados ni políticos de relumbrón». Non se chegou a celebrar.



**Carlos Martínez-Barbeito y Morás** (A Coruña, 1913 - ibídem, 10 de abril de 1997).



<sup>13</sup> **Carlos Martínez-Barbeito Morás**, nado na Coruña en 1913 e finado na mesma cidade o 10 de abril de 1997. Neto do historiador Andrés Martínez Salazar e fillo da pedagoga e escritora María Barbeito, cursou estudos de Filosofía e Letras e Dereito en Santiago, onde coñeceu a Federico García Lorca. Este encontro convenceuno para trasladarse a Madrid, onde se doutorou en Dereito e contactou cos principais intelectuais da época. Despois da Guerra Civil traballou como crítico literario de Radio Nacional de España en Barcelona e foi secretario xeral da Metro- Goldwyn-Mayer en España. En 1946 casou con Ana María Álvarez de Sotomayor y Castro, filla do pintor Fernando Álvarez de Sotomayor. Trasládouse a Madrid, onde desempeñou cargos relacionados coa cultura en Televisión Española. En 1968 foi nomeado director do Museo de América, cargo que ocupou ata 1980. Regresou á Coruña, onde foi presidente da Real Academia Galega de Belas Artes entre 1984 e 1988.



### 7 de maio de 1932 - 2º visita

[...] Por la mañana del día siguiente [27 de outubro] se volvió a la Catedral hasta las diez, haciendo un repaso de impresiones. Después se hizo detenido estudio del Real Hospital, siendo recibidos por los catedráticos de la Facultad de Medicina y obsequiados por el Sr. Director con una bonita memoria ilustrada del antiguo hospital. Los patios, la interesantísima capilla, ocupó la atención de los alumnos.

*Lucidiarium*, nº 2 e 3.

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarellos, p. 292-293.

Na súa obra *Libro de poemas* (1921) ten un poema «Sueño» onde evoca a imaxe ou metáfora do Santiago Peregrino, do seu cabalo e do Caiño

### Texto 36

#### Sueño Mayo de 1919

Iba yo montado sobre  
un macho cabrío.  
El abuelo me habló  
y me dijo:  
Ese es tu camino.  
¡Es ése!, gritó mi sombra,  
disfrazada de mendigo.  
¡Es aquel de oro!, dijeron  
mis vestidos.  
Un gran cisne me guiñó,  
diciendo: ¡Vente conmigo!  
Y una serpiente mordía  
mi sayal de peregrino.

Mirando al cielo, pensaba:  
Yo no tengo camino.  
Las rosas del fin serán  
como las del principio.  
En la niebla se convierte

<sup>27</sup> Publicado en el *Noticiero granadino* o 27-XII-1916.

la carne y el rocío.  
 Mi caballo fantástico me lleva  
 por un campo rojizo.  
 ¡Déjame! , clamó, llorando,  
 mi corazón pensativo,  
 Yo lo abandoné en la tierra,  
 lleno de tristeza.  
 Vino  
 la noche llena de arrugas  
 y de sombras.  
 Alumbran el camino,  
 los ojos luminosos y azulados  
 de mi macho cabrío.

FGL (1921) *Libro de poemas*

En 1919 FGL trasládase a Madrid onde vivirá por tempadas, ata 1926, na Residencia de Estudiantes. A comezos da década, entre 1920-1923, na súa estadía na Residencia e nos veráns en Asquerosa, Loka escribe as coñecidas *Suites*<sup>28</sup>, poemas breves que entroncan coas suites musicadas dos séculos XVII e XVIII.

### Texto 37

#### El camino de Santiago

(Oh noche de mi amor,  
 cuando estaba la pájara pinta  
 pinta  
 pinta  
 en la flor del limón.)

FGL (1920-1923) *Suites*

En 1923 compuxo a «*En el cumpleaños de R.G.A. Corona poética o pulsera de flor*» dedicada a **Rosa García Ascot**, pianista e compositora madrileña, discípula de **Manuel**

<sup>28</sup> Aínda que FGL anunciara moitas veces a aparición inminente de *Suites*, o poeta non chegaría a ver o libro en vida. E aínda que dicía que tiña o volume preparado (nalgún momento deu os manuscritos para a súa publicación) o libro presenta moitos problemas textuais. Empezando polo índice, que non existe. Ata os anos 80, as *Suites* aparecían como poemas soltos nas obras completas de Lorca. En 1981, André Belamich, en versión francesa, publicou os poemas como un libro. Para iso reconstruíuno utilizando como criterio de ordenación o cronolóxico. En 1983 o mesmo editor publicaraas en España, en Ariel. Belamich engadiu máis de 2.000 versos que foran publicados polo autor antes. Maurer corrixiu a ordenación de Belamich e algúns textos, aínda que non se puideron datar algunhas suites e segue habendo problemas textuais. García Posada segue aos dous editores e inclúe algunhas novidades nas súas *Obras Completas* (1996) e separa as suites mutiladas (nun apéndice) ou os textos non revisados ou descartados polo autor (en Poesía varia). Eutimio Martín, finalmente, editounas en 2017 co título de *Cielo bajo. Suites*. Foron escasas as suites que o autor publicou en vida. Saíron algunhas en revistas (en *Índice*, de Juan Ramón Jiménez, en *Verso y prosa*, en *Lola*, suplemento de Carmen). *Primeras canciones* (1936), é unha selección publicada o 28 de xaneiro de 1936 por Manuel Altolaquirre na revista *Heroe*.





**Rosa García Ascot**

(Madrid, 8 de abril de 1908 - Torrelaguna, 2 de maio de 2002)



**Manuel de Falla y Matheu**

(Cádiz, 23 de novembro de 1876 - Alta Gracia, Argentina, 14 de novembro de 1946)

**de Falla<sup>29</sup>** que casaría en 1933 co músico lugués, **Jesús Bal y Gay**, os tres amigos de FGL. Nos poemas que lle regala volve aparecer o tema compostelán.

## Texto 38

### Corona poética o pulsera de flor

*Dedicada a Rosa García Ascot*

#### TEMA DE LA CORONA

Una vinca lucero,  
una rosa  
y un lirio negro.

#### SITUACIÓN

El lucero en el cielo,  
la rosa en el agua  
y el lirio en el viento.

#### DESARROLLO DEL TEMA

##### Una vinca lucero

A la vera verita  
del camino de Santiago,  
tiembla. ¡Quiero que siga  
temblando!

##### UNA ROSA

En la espalda del río  
largos ritmos, negras hojas.  
(Y entre los juncos  
la rosa.)

El pastor del mediodía  
toca su flauta en la sombra.  
(Y entre los juncos  
la rosa.)

Para pasear el monte  
la tarde pinta su boca.  
(Y entre los juncos  
la rosa.)

##### Y UN LIRIO NEGRO (ORIENTE)

Cúpula amarilla

<sup>29</sup> Manuel de Falla, segundo se desprende do seu epistolario, recibiu con alegría a noticia da proclamación da II República, pero manifestoulle reiteradas veces ao seu amigo Fernando de los Ríos a súa queixa polo feito de que as autoridades non interviñesen máis duramente nos ataques contra a Igrexa. Falla foi toda a súa vida un cristián convencido. Cando empezou a Guerra Civil non dubidou en tentar salvar aos seus amigos dun ou doutro bando. É coñecido o feito de que foi ao Goberno Civil cando levaron detido a FGL e que salvou do fusilamento a Hermenegildo Lanz e grazas á súa intervención salvou a vida a Gerda Leimdörfer, a esposa xudía do reitor da Universidade de Granada, Salvador Vila Hernández, que foi fusilado polos golpistas o 23 de outubro de 1936.

y viento de plata.

El lirio,  
la sonrisa velada  
y la mano  
delgada.

Cúpula amarilla y viento de plata.

FGL (1928) *Romancero gitano*

No seu *Romancero gitano* publicado en 1928, no seu célebre «*Romance del emplazado*» (no que o protagonista, Amargo, está morto desde o comezo), aparece, cara ao final, outra estrofa no que Lorca lle rende homenaxe de novo á iconografía xacobeá.

### Texto 39

#### **Romance del emplazado**

Para Emilio Aladrén

¡Mi soledad sin descanso!  
Ojos chicos de mi cuerpo  
y grandes de mi caballo,  
no se cierran por la noche  
ni miran al otro lado,  
donde se aleja tranquilo  
un sueño de trece barcos.  
Sino que, limpios y duros  
escuderos desvelados,  
mis ojos miran un norte  
de metales y peñascos,  
donde mi cuerpo sin venas  
consulta naipes helados.  
\*\*\*

Los densos bueyes del agua  
embisten a los muchachos  
que se bañan en las lunas  
de sus cuernos ondulados.  
Y los martillos cantaban  
sobre los yunques sonámbulos,  
el insomnio del jinete  
y el insomnio del caballo.  
\*\*\*

El veinticinco de junio  
le dijeron a el Amargo:  
Ya puedes cortar si gustas  
las adelfas de tu patio.  
Pinta una cruz en la puerta  
y pon tu nombre debajo,  
porque cicutas y ortigas

nacerán en tu costado,  
y agujas de cal mojada  
te morderán los zapatos.  
Será de noche, en lo oscuro,  
por los montes imantados,  
donde los bueyes del agua  
beben los juncos soñando.  
Pide luces y campanas.  
Aprende a cruzar las manos,  
y gusta los aires fríos  
de metales y peñascos.  
Porque dentro de dos meses  
yacerás amortajado.

\*\*\*

Espadón de nebulosa  
mueve en el aire Santiago.  
Grave silencio, de espalda,  
manaba el cielo combado.

\*\*\*

El veinticinco de junio  
abrió sus ojos Amargo,  
y el veinticinco de agosto  
se tendió para cerrarlos.  
Hombres bajaban la calle  
para ver al emplazado,  
que fijaba sobre el muro  
su soledad con descanso.  
Y la sábana impecable,  
de duro acento romano,  
daba equilibrio a la muerte  
con las rectas de sus paños.

FGL (1928) *Romancero gitano*

## Punto 15 — Praza do Obradoiro, estatua de Eugenio Montero Ríos

26 de outubro de 1916 - 1ª visita



A estatua de Montero Ríos estivo na Praza do Obradoiro (Praza de Alfonso XII, daquela) dende o 30 de xullo de 1916 ata 1928.



Moito antes de que o Obradoiro cambiase de nome para abandonar a denominación de Alfonso XII, a praza máis popular da capital galega contaba cunha imponente estatua do político e xurista Eugenio Montero Ríos. A figura foi encargada polo Concello de Santiago en 1915, só un ano despois do falecemento do político. Esta homenaxe foi ideada pola Corporación local, que naquel momento estaba encabezada por Luis Branco Rivero.

A estatua, elaborada polo artista Mariano Benlliure, foi inaugurada o 30 de xullo de 1916, nun acto ao que asistiu o presidente do Congreso, varios ministros, personaxes do partido liberal e algúns conservadores, así como un bo número de veciños de Compostela. O alcalde aproveitou a ocasión para dar un discurso e, en nome do homenaxeado, acudiu á cita Eugenio Montero Villegas. Doce anos despois a estatua foi trasladada á praza de Mazarelos.

A FGL non agradou a estatua de Montero Ríos situada daquela no Obradoiro:

**Texto 40**


### Ciudad perdida

#### Baeza

[...] Recordemos la gran plaza de Santiago de Compostela con el monumento al señor Montero. ¡Qué salivazo tan odioso a la maravilla churrigueresca de la portada del Obradoiro y al hospital grandioso! Recordemos la Salamanca ultrajada, con el palacio de Monterrey lleno de postes eléctricos, la casa de las Muertes con los balcones rotos, la casa de la Salina convertida en Diputación, y lo mismo en Zamora y en Granada y en León... ¡Esta monomanía caciquil de derribar las cosas viejas para levantar en su lugar monumentos dirigidos por Benlliure o Lampérez!... ¡Desgracia grande la de los españoles que caminamos sin corazón y sin conciencia!... Nuestra aurora de paz y amor no llegará mientras no respetemos la belleza y nos riamos de los que suspiran apasionadamente ante ella. ¡Desdichado y analfabeto país en que ser poeta es una irrisión!

FGL (1918) *Impresiones y paisajes*



**Eugenio Montero Ríos**

(Santiago de Compostela, 13 de novembro de 1832 - Madrid, 12 de maio de 1914).

**Mariano Benlliure Gil**

(Valencia, 8 de setembro de 1862 - Madrid, 9 de novembro de 1947)

Segundo Ian Gibson, «La visita hizo una importante impronta sobre su sensibilidad. Infiero, por su temprano poema *«Salutación elegíaca a Rosalía de Castro»* Segundo Ian Gibson, «La visita hizo una importante impronta sobre su sensibilidad. Infiero, por su temprano poema *«Salutación elegíaca a Rosalía de Castro»* (1919), que empezó a conocer sus versos en la visita a Santiago. Me imagino que también oyó música popular gallega, que estudiará a fondo y con la cual llegará a sentir una gran afinidad, debido en parte, quizá, al hecho de que, tras la Toma de Granada, ciertos pueblos de las Alpujarras fueron repoblados por gallegos y asturianos, que trajeron consigo sus canciones que, por supuesto, él conocía y apreciaba».

## Texto 41

### XV Santiago, ciudad artística

Estamos en la gran Plaza del Hospital de Santiago de Compostela.

Esta plaza monumental —que quieren inocentemente que se llame de Alfonso XII como si fuera posible borrar un nombre que tiene su realidad y su historia y su valor—, es el centro artístico de la ciudad.

Desde ella emergen «como patas de araña» las calles tortuosas y silentes. Y estas calles y esta plaza tienen su espíritu.

Santiago no es sólo una ciudad monumental; es más aún. En este aspecto no es una ciudad de primer orden, pero en cambio sí lo es como ciudad artística.

La ciudad artística se nos aparece como un todo homogéneo, monumentos, obras de arte, calles, cielo, luz, paisaje, pobladores, todo se concibe en una unidad superior, en una síntesis armónica. Y este es uno de los misterios de Santiago. Todo es coherente nada disuena aquí [...]

Y por estas rúas pasa de vez en cuando alguna carreta campesina, o algún tipo aldeano entre la gente cosmopolita y, en gran abundancia, mozas garridas con un pañuelo de seda al cuello (anudado de diversa forma según sea casada o soltera, con o sin compromiso<sup>30</sup>) y con las sellas a la cabeza, camino de la fuente.

Calles con carácter y con fisonomía, sin tumulto de urbe moderna, con soportales hospitalarios, calles simpáticas con las que se intima enseguida.

Plazas del Hospital y de las Platerías y del Toral y de la Quintana, rúas de Villares, Nueva, de Azabachería y de las Huertas y del Preguntoiro... ¡Qué necesarias sois para la visión estética de esta ciudad emotiva! [...]

<sup>30</sup> O pano conta algo da muller que o leva, a modo de rexistro civil de acordo coas formas de o atar. Encima da cabeza e diante corresponde á solteira; debaixo por detrás da caluga, á casada, e debaixo da cara á altura da garganta, á viúva. Para os homes, é a colocación da monteira con borlas a que cumpre esta función.



Unha das imaxes máis antigas de Galicia (1858)  
Henrique Alvarellos «Cando o Obradoiro era de terra»,  
*La Voz de Galicia*, 29 de marzo de 2016..

**La Plaza [del Hospital]** es un gran rectángulo encuadrado por cuatro edificios: la **Catedral** y el **Palacio de Rajoy** en los lados mayores, el **Hospital** y el **Colegio de Jerónimos** en los otros dos. Y esta circunstancia le da una homogeneidad regia y un ambiente monumental decisivo a pesar de la diferencia arquitectónica de sus edificios. Esta es sin duda la más hermosa plaza de España, comparable con las plazas artísticas de Italia y de Flandes.

Esta ciudad encierra, además de la Catedral, monumentos valiosísimos, cualquiera de los cuales bastaría para acreditar a una ciudad artística.

El **Hospital**: fundado por los Reyes Católicos en 1499 para albergar a los peregrinos abandonados «por no tener donde se acoger, o quien los reciba y

apoyente» a pesar de los muchos hospitales existentes en la ciudad. Su aspecto es sencillamente espléndido, digno de sus fundadores. ¡Qué bien se aprecia en las ciudades artísticas el paso de los Reyes que fueron grandes! Estamos en el siglo de plenitud española y esta portada plateresca con finas estatuas y apostolado al modo ojival y este balcón majestuoso interrumpido por la portada que divide toda la fachada, sostenido por grutescos, y estos escudos y estos postes que cierran la Lonja que estaba cerrada por cadenas, exhalan un aliento de majestad y de belleza.



Colexio de San Xerome.

Luis Mariscal

Santiago de Compostela, X-1916<sup>31</sup>

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarellos, p. 136-142.

Pouco mediou entre a visita que lle fixo a Galicia e a escritura do poema «**Santiago (balada ingenua)**» dedicado ao apóstolo Santiago. Escrito en Fuente Vaqueros (Granada) e datado o 25 de xullo 1918, cando contaba con vinte anos. Foi incluído no seu *Libro de poemas* (1921). Nas palabras de xustificación que escribe ao comezo desta obra afirma: «Tendrá este libro la virtud [...] de recordarme en todo instante mi infancia apasionada correteando desnudo por las praderas de una vega sobre un fondo de serranía». Parece que foi un dos poemas que primeiro recitou en público.

<sup>31</sup> Publicado en el *Noticiero granadino* o 2-I-1917.

**Santiago (balada ingenua)**

**25 de Julio de 1918**  
**(Fuente Vaqueros, Granada)**

**I**

Esta noche ha pasado Santiago  
 su camino de luz en el cielo.  
 Lo comentan los niños jugando  
 con el agua de un cauce sereno.

¿Dónde va el peregrino celeste  
 por el claro infinito sendero?  
 Va a la aurora que brilla en el fondo  
 en caballo blanco como el hielo.

¡Niños chicos, cantad en el prado  
 horadando con risas al viento!

Dice un hombre que ha visto a Santiago  
 en tropel con doscientos guerreros;  
 iban todos cubiertos de luces,  
 con guirnaldas de verdes luceros,  
 y el caballo que monta Santiago  
 era un astro de brillos intensos.

Dice el hombre que cuenta la historia  
 que en la noche dormida se oyeron  
 tremolar plateado de alas  
 que en sus ondas llevóse el silencio.

¿Qué sería que el río paróse?  
 Eran ángeles los caballeros.

¡Niños chicos, cantad en el prado.  
 horadando con risas al viento!  
 Es la noche de luna menguante.

¡Escuchad! ¿Qué se siente en el cielo,  
 que los grillos refuerzan sus cuerdas  
 y dan voces los perros venguetos?

-Madre abuela, ¿cuál es el camino,  
 madre abuela, que yo no lo veo?

-Mira bien y verás una cinta  
 de polvillo harinoso y espeso,  
 un borron que parece de plata

o de nácar. ¿Lo ves?  
 -Ya lo veo.

-Madre abuela. ¿Dónde está Santiago?  
 -Por allí marcha con su cortejo,  
 la cabeza llena de plumajes  
 y de perlas muy finas el cuerpo,  
 con la luna rendida a sus plantas,  
 con el sol escondido en el pecho.

Esta noche en la vega se escuchan  
 los relatos brumosos del cuento.

¡Niños chicos, cantad en el prado,  
 horadando con risas al viento!

**II**

Una vieja que vive muy pobre  
 en la parte más alta del pueblo,  
 que posee una rueca inservible,  
 una virgen y dos gatos negros,  
 mientras hace la ruda calceta  
 con sus secos y temblones dedos,  
 rodeada de buenas comadres  
 y de sucios chiquillos traviesos,  
 en la paz de la noche tranquila,  
 con las sierras perdidas en negro,  
 va contando con ritmos tardíos  
 la visión que ella tuvo en sus tiempos.

Ella vio en una noche lejana  
 como ésta, sin ruidos ni vientos,  
 el apóstol Santiago en persona,  
 peregrino en la tierra del cielo.

-Y comadre, ¿cómo iba vestido?  
 -le preguntan dos voces a un tiempo.  
 -Con bordón de esmeraldas y perlas  
 y una túnica de terciopelo.

Cuando hubo pasado la puerta,  
 mis palomas sus alas tendieron,  
 y mi perro, que estaba dormido,  
 fue tras él sus pisadas lamiendo.

Era dulce el Apóstol divino,



más aún que la luna de enero.  
A su paso dejó por la senda  
un olor de azucena y de incienso.

-Y comadre, ¿no le dijo nada?  
-la preguntan dos voces a un tiempo.

-Al pasar me miró sonriente  
y una estrella dejome aquí dentro.  
-¿Dónde tienes guardada esa estrella?  
-la pregunta un chiquillo travieso.

-¿Se ha apagado – dijéronle otros –  
como cosa de un encantamiento?  
-No, hijos míos, la estrella relumbra,  
que en el alma clavada la llevo.

-¿Cómo son las estrellas aquí?  
-Hijo mío, igual que en el cielo.

-Siga, siga la vieja comadre.  
¿Dónde iba el glorioso viajero?

-Se perdió por aquellas montañas  
con mis blancas palomas y el perro.

Pero llena dejome la casa  
de rosales y de jazmineros,  
y las uvas verdes en la parra  
maduraron, y mi troje lleno  
encontré la siguiente mañana.  
Todo obra del Apóstol bueno.

-¡Grande suerte que tuvo, comadre!  
-sermonean dos voces a un tiempo.  
Los chiquillos están ya dormidos  
y los campos en hondo silencio.

¡Niños chicos, pensad en Santiago  
por los turbios caminos del sueño!

¡Noche clara, finales de julio!  
¡Ha pasado Santiago en el cielo!

La tristeza que tiene mi alma,  
por el blanco camino la dejo,  
para ver si la encuentran los niños  
y en el agua la vayan hundiendo,  
para ver si en la noche estrellada  
a muy lejos la llevan los vientos.



**Santo peregrino.** Debuxo a tinta e lapis de cores sobre papel. Regalo persoal a Antonio de Luna García (Granada, 1926)

## Punto 16 – Pazo Arcebispal



Apoiado no costado norte da Catedral, e de cara á Praza do Obradoiro, érguese este pazo episcopal que mandou construír o arcebispo Diego Xelmírez para substituír a antiga residencia episcopal derrubada durante as revoltas. No século XVIII engadíuselle un novo andar sobre os dous iniciais, que desentoa da primitiva construción románica, e que obrigou a reforzar os muros cunha nova fachada a modo de contraforte.

Accédese ao interior deste edificio a través da porta que dá á praza do Obradoiro. Ao traspasar a porta podemos ver o primitivo pórtico románico que quedou oculto tras a nova fachada do século XVIII. No segundo andar destacan a interesante cociña medieval e o salón de festas e comidas do século XIII. Destacan neste salón as ménsulas sobre as que se apoian os nervios dos arcos que sustentan a bóveda de crucería, todas elas decoradas con escenas dun festín medieval.

**26 de outubro de 1916 - 1º visita**

### Texto 43

#### XV Santiago, ciudad artística

El colegio de Fonseca, sereno, con recuerdos salmantinos como su fundador. Y en los sótanos recién descombrados del palacio arzobispal, el singular palacio del siglo XIII, gloria de la arquitectura civil española, en cuyo salón principal hemos permanecido una hora ante aquellas bóvedas nervadas y aquellas ménsulas suntuosas en que se sustentan y en las que se asoman personajes interesatísimos: caballeros, de armas, músicos, criados con servicio de mesa y viandas y panes, todo de un realismo maravilloso, y que parecen representar en su conjunto un banquete o una boda. El Románico ríe aquí ya a carcajadas; con un delicioso candor y que contrasta con el carácter turbulento de su fundador, el obispo Gelmírez.

Y para completar la visión de la ciudad artística hemos visto luego trabajar a estos obreros plateros, tan modestos en su tiendita, que conservan una tradición artística, tanto más beneméritos cuanto más olvidados. Y, después, hemos comido con sano apetito el amargo pote recuerdo del caldo espartano, con pan de mollete, que también tiene Galicia su paladar

Luis Mariscal

Santiago de Compostela, X-1916<sup>32</sup>

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarellos, p. 144.

### Texto 44

<sup>32</sup> Publicado en el *Noticiero granadino* o 2-I-1917.



**José María Martín de Herrera y de la Iglesia**

(Aldeadávila de la Ribera, 26 de agosto de 1835 - Santiago de Compostela, 8 de decembro de 1922).



**Antonio López Ferreiro**

(Santiago de Compostela, 9 de novembro de 1837 - Vedra, 20 de marzo de 1910)

## XVI Santiago, Coruña, Lugo

Después de unos días de reposo volvemos a nuestro caminar y esta jornada ha sido también aprovechada.

Esta mañana hemos dado un repaso a la catedral, y nos hemos extasiado otra vez ante el Pórtico de la Gloria y nos hemos despedido del apóstol con nuestro abrazo.

Después hemos tenido el honor de ser recibidos por el eminentísimo Cardenal Arzobispo señor Martín Herrera, que nos ha saludado con frases paternas y nos ha hablado de su tierra Salamanca.

Y nos hemos despedido de estos amigos a quienes no sabemos cómo agradecer tantas atenciones, especialmente a los señores Troncoso, Cotarelo y Salgado, a quienes nunca olvidaremos, y enseguida hemos ocupado nuestro asiento en un auto magnífico de los que hacen el servicio a La Coruña.

Y antes de marchar, séanos permitido un paréntesis, por demás expresivo: En nuestra visita a la Catedral, don Martín hizo mención del valor que para nuestro estudio tiene la obra monumental del ilustre arqueólogo y canónigo de esta Catedral señor López Ferreiro, *Historia de la iglesia de Santiago*, y, ni cortos ni perezosos, el canónigo decano, nuestro acompañante, se lo comunicó al Cabildo, el cual, reunido al salir del coro, acordó dedicarnos un ejemplar y en efecto aquella misma mañana teníamos en el hotel los once volúmenes infolio acompañados de una tarjeta sumamente expresiva del ilustrísimo señor Deán y Cabildo.

Este hecho es más expresivo que cuantos relatos pudiéramos hacer de las atenciones recibidas. Séales a todos grato nuestro reconocimiento. [...]

Luis Mariscal

Santiago de Compostela, X-1916<sup>33</sup>

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarelllos, p. 146-147.

<sup>33</sup> Publicado en el *Noticiero granadino* o 3 e 4-I-1917.




## Punto 17 – San Martiño Pinario

27 de outubro de 1916 - 1º visita



San Martiño Pinario.



San Martiño Pinario.

### Texto 45

#### XV Santiago, ciudad artística

Cerca del Hospital, la mole escorialesca del que fue Monasterio de **San Martín Pinario**, cuya iglesia suntuosa guarda preciosas joyas artísticas, el coro bajo, obra de un desconocido Fernando Prado –¡qué interesantes son estos artífices que no han encontrado todavía su glosador! y esculturas y cuadros, un Coello, sobre todo, firmado, como para desorientar a todos los definidores de la Pintura.

Luis Mariscal

Santiago de Compostela, X-1916<sup>34</sup>

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarelllos, p.142.

### Texto 46

#### Camino de Galicia Cinco días en Galicia

[...] A continuación visitaron el antiguo monasterio e Iglesia de San Martín Pinario, hoy Seminario Conciliar, admirando la grandiosidad escorialesca del edificio, siendo amablemente atendidos por el señor Rector y estudiando detenidamente la Iglesia, los dos coros, la sacristía con sus cuadros de Coello, las esculturas de San Lucas y de San Martín y la moderna imagen hermosísima de Sta. Escolástica, etc. [...]

*Lucidiarium*, nº 2 e 3.

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarelllos, p. 293.

<sup>34</sup> Publicado en el *Noticiero granadino* o 2-I-1917.

## Punto 18 – Quintana



### 28 de outubro de 1916 - 1º visita

**San Paio de Antealtares** foi fundado no século IX por Alfonso II con doce monxes bieitos, para que coidaran e deran culto ao recentemente aparecido sepulcro do Apóstolo. A actual construción pertence case na súa totalidade aos séculos XVII e XVIII, xa que a primitiva foi derrubada. Un dos muros laterais pecha un flanco da praza da Quintana. No centro deste muro, unha lápida lembra a formación do Batallón Literario organizado polos universitarios composteláns, para defensa de Galicia contra as tropas de Napoleón. Logo da marcha dos monxes en 1499, o mosteiro foi ocupado por monxas de clausura. O convento dedicouse a San Paio, que fora martirizado de neno en Córdoba. A igrexa, de planta de cruz grega foi deseñada por frei Gabriel de Casas. Destaca o retablo do altar maior.

### Texto 47

San Paio de Antealtares.

### XV Santiago, ciudad artística

[...] Y el convento de S. Payo Antealtares, que guarda el ara del Altar en que los discípulos del Apóstol decían la misa. Y el Convento de San Francisco, que fue de los benedictinos, quienes lo cedieron a San Francisco por el canon de un cesto de peces! Y nos ha interesado vivamente el museo fetichista formado por los misioneros de que es Colegio esta casa, y hemos saboreado el ambiente artístico de un salón destartado iluminado por unos espléndidos ventanales. En esta sala, que era del Capítulo, se celebraron las célebres Cortes de 1520. [...]

Luis Mariscal

Santiago de Compostela, X-1916<sup>35</sup>

ALVARELLOS, Henrique (2018) *El gran viaje de estudios de García Lorca*, Editora Alvarelllos, p.142.

### 10 de maio de 1932 - 2º visita

Despois da conferencia sobre «**Arquitectura del cante jondo**» impartida no Colexio de San Clemente tiveron unha cea no Bar Viño e logo deron un paseo por Compostela. Carlos Martínez-Barbeito detalla máis o evento.

### Texto 48

«Los mismos que le habíamos llevado a San Clemente le trajimos al hotel y por la noche volvimos a recogerle, entre otros, Cuadrado, Maside, Manteiga, Domínguez, Seoane, Feliciano Rolan y yo para acompañarle en un paseo por la ciudad.

Y entonces fue cuando Lorca conquistó para siempre nuestra devoción. Durante el recorrido alrededor de la catedral, su pasmo no tuvo límites ante

<sup>35</sup> Publicado en el *Noticiero granadino* o 2-I-1917.





las grandiosas plazas barrocas flanqueadas de próceres edificios y sumidas en la niebla nocturna que les hacía parecer aún más fantasmales. Su admiración culminó en la **Quintana**, que él debía cantar más tarde en uno de sus *Seis poemas galegos*. Tan cerrada, íntima y acabada le pareció, que la llamó 'plaza-butaca' en la que hubiera querido —dijo— quedarse a reposar toda la vida.

Cuando os encontréis en la 'plaza-butaca' —escribía más tarde desde Madri—, dejad un hueco para mí'.

En la Quintana hicimos una larga estación, y Lorca no dejó un momento de encarecer la impar belleza de aquel lugar. Su charla era incesante y estaba esmaltada de graciosos ceceos granadinos; exageraba y hasta mentía con tal arte, que nos tenía subyugados; éramos un coro atento a los brillantes juicios y comparaciones, que, si no revelaban una honda formación en las disciplinas históricas y estéticas, nos mostraban, en cambio, un mundo nuevo lleno de luz, de poesía y de gracia.

Todos callábamos sobrecogidos por la magnificencia de aquellas piedras ilustres y por el encanto de las palabras del poeta, y únicamente nos decidíamos a cambiar entre nosotros miradas de asombro y placer por disfrutar de aquel instante y, de vez en cuando nos aventurábamos a preguntarle algo o a hacer coro a un comentario suyo o a darle pie para que siguiera hablando sin parar, empeño no difícil, ciertamente.

Por la **escalinata de la Quintana** subimos a la **plaza de la Inmaculada** y bajo el **Arco de Palacio**, ¿cómo no?, dimos todos las tradicionales palmadas, que el eco devuelve convertidas en aleteo de palomas. Desembocamos en la **plaza del Hospital**<sup>36</sup>, donde ya nuestras lenguas no tenían qué decir, y Lorca siguió aún comentando en voz alta los sentimientos que en su alma suscitaba la contemplación de la llamada pétrea del **Obradoiro**.

Por el camino seguimos hablando de poesía, del alma lírica de Galicia, de andalucismo, de pintura y de música. A Maside, a Seoane, a Domínguez, les habló en tono graciosamente paternal, discutió con ellos temas de las artes que respectivamente cultivaban y les ofreció enviarles libros para que les sirviesen de orientación. También nos habló con insistencia de las relaciones históricas de Galicia con el Reino de Granada, a través de la colonización gallega que allí se hizo al final de la Reconquista, y de la que quedan curiosos vestigios

<sup>36</sup> O trazado medieval da Compostela histórica apenas mudou pero a nomenclatura das rúas foise adaptando aos tempos. Catro séculos atrás os veciños de Santiago non ían ao Obradoiro senón á praza do Hospital, o nome que recibiu inmediatamente despois da construción do Hospital Real dos peregrinos (hoxe Hostal dos Reis Católicos). A cousa non quedou aí. A finais do XIX bautizouse como Alfonso XII e despois, durante o franquismo, sería a praza de España. Coa chegada da democracia fíxose oficial a súa denominación tradicional.





Baixando as escaleiras da Quintana de Vivos con Arturo Sáenz de la Calzada e Ketty Aguado.



toponímicos y temperamentales<sup>37</sup>.

Cuando le dejamos en el hotel nos fuimos cada uno a su casa embelesados con la visión del maravilloso mundo poético que la mágica palabra de Lorca había acercado a nosotros. Lo último que nos dijo fue que él conocía a fondo los Cancioneros galaico-portugueses del ciclo trovadoresco y asimismo la obra de Curros y de Rosalía de Castro.

Por Rosalía sentía una adoración sin límites y más de una vez expresó su opinión de que ella significaba el momento más alto de la poesía española en el siglo XIX.

—Hay que hacer un homenaje a Rosalía —dijo insistentemente—, y estoy dispuesto a volver a Santiago hacia el 25 de julio para intervenir en él, a condición —añadió— de que no vengan diputados ni políticos de relumbrón.

Les tenía un santo horror y sólo quería que le ayudásemos nosotros; así se lo prometimos y él prometió a su vez venir en las fiestas patronales a dedicar su homenaje a Rosalía; pero el proyecto no llegó a realizarse nunca. [...]

### 24 de agosto de 1932 - 3º visita

En agosto de 1932 vén como director de *La Barraca* visitando:

- 22 e 23 de agosto na Coruña,
- 24 de agosto en Compostela,
- 25 de agosto en Vigo,
- 27 de de agosto en Baiona
- 27 e 28 de agosto en Pontevedra,
- 29 de agosto en Vilagarcía de Arousa e
- 31 de agosto en Ribadeo.

O día **24 de agosto** *La Barraca* xa está en Santiago. É unha compañía universitaria, non profesional composta por 35 integrantes.

<sup>37</sup> Depois da expulsión dos mouriscos de terras andaluzas quedaron desertas moitas poboacións as cales deberon ser repoboadas por outras xentes ou ben da propia Andalucía ou por outras traídas de distintos lugares, case sempre de zonas onde os poboadores fosen de relixión católica. Iso foi o que sucedeu coas Alpujarras granadinas, de onde tiveron que saír os mouriscos e deixaron as terras das súas antigas propiedades desertas e despoboadas. Felipe II fai entón un decreto no que manda recrutar xentes para a repoboación, preferentemente castelá, galega, leonesa, asturiana ou catalá. Así foi que se recrutaron en Galicia xentes dispostas a repoboar esas terras abandonadas coa promesa de prosperidade e mellor futuro. A cantidade exacta de galegos que se embarcaron nesa aventura non se sabe con exactitude. O que se sabe é que eran na súa maioría das provincias de Lugo e Ourense. A pesar do tempo transcorrido aínda hoxe é posible atopar nesa zona moitos nomes que dunha forma ou doutra nos achegan a aqueles colonos, por exemplo o *Barranco del Gallego*, e por suposto os apelidos de moitos poboadores actuais: *Galego, Loureiro, Funes, Carballo, Santiago, Pereira, Lemos, Dapena, Salgueiros...*

Chegan ao mediodía dese mércores 24 de agosto. Lorca é recibido, entre outros, por Arturo Cuadrado, Laureno Santiso Girón, Fernando Barros e Carlos Maside. Os integrantes da Barraca son recibidos no Paraninfo polo reitor Alejandro Rodríguez Cadarso, o alcalde Raimundo Rodríguez Pol e varios catedráticos. O grupo é invitado a xantar na sala do reitorado.

Montan os escenario de 8x8 fronte á Casa da Conga. A actuación dese mércores 24 de agosto non ten precedentes en Compostela: as crónicas xornalísticas falan de máis de 6000 asistentes (pensemos que en 1932 Santiago tiña arredor de 25.000 habitantes). A Barraca representará os *Entremeses* de Miguel de Cervantes: «*La guardia cuidadosa*» e «*La cueva de Salamanca*». Ás 11 da noite, cando a función vai comezar a nota do grave da Berenguela enmudece a todos. A actriz María del Carmen García Lasgoity detén a súa entrada ata que rematan as campanadas.

*La Barraca* e os seus compoñentes saíron de Santiago con destino a Vigo; segundo a prensa local, antes pasaron por Noia.

Lorca diríalle *a posteriori* a Arturo Cuadrado que esta representación foi para el a de maior emoción da súa vida teatral (xunto con *Bodas de sangre* en Buenos Aires).

## Texto 49

### Danza da lúa en Santiago

¡Fita aquel branco galán,  
olla seu transido corpo!

É a lúa que baila  
na Quintana dos mortos.

Fita seu corpo transido,  
negro de somas e lobos.

Nai: A lúa está bailando  
na Quintana dos mortos.

¿Quén fire potro de pedra  
na mesma porta do sono?

¡É a lúa! ¡É a lúa  
na Quintana dos mortos!

¿Quén fita meus grises vidros  
cheos de nubens seus ollos?

É a lúa, é a lúa  
na Quintana dos mortos.

Déixame morrer no leito

soñando con froles d'ouro.

Nai: A lúa está bailando  
na Quintana dos mortos.

¡Ai filla, co ár do céu  
vólvome branca de pronto!

Non é o ar, é a triste lúa  
na Quintana dos mortos.

¿Quén brúa co-este xemido  
d'imenso boi melancónico?

Nai: É a lúa, é a lúa  
na Quintana dos mortos.

¡Si, a lúa, a lúa  
coronada de toxos,  
que baila, e baila, e baila  
na Quintana dos mortos!

FGL (1936), *Seis poemas galegos*,  
Editora Alvarellos, edición  
fascimular de 2018

## Punto 19 – Rúa do Vilar, nº 15

### Seis poemas galegos

FGL tiña en Madrid varios amigos galegos: o musicólogo **Jesús Bal y Gay**, os poetas **Eugenio Montes**, **Serafín Ferro** e o mozo **Ernesto Pérez Guerra (Ernesto Guerra da Cal)**, quen exerceu unha maior influencia sobre Lorca. Pérez Guerra fascinaba a Lorca pola súa prestancia física, pola súa vitalidade, pola súa intelixencia e pola paixón con que falaba de Galicia e cantaba cancións galegas.

En 1932, de volta en Galicia con **La barraca** representa na praza da Quintana. Sempre que veu a Galicia, Lorca expresou o seu desexo de escribir un poema dedicado á cidade, pero non parece que pensase aínda en facelo en galego. Ao seu retorno a Madrid, comentándoo con Ernesto Pérez Guerra é cando nace a idea de compoñer, entre os dous, un poema sobre o tema en galego. En maio ou xuño de 1932 naceu o «**Madrigal á cibdá de Santiago**», onde Lorca expresa a súa impresión de Compostela baixo a choiva, mesturándoa cunha nostalxia amorosa.

A finais de outono de 1932 a revista **Yunque** publicou o «**Madrigal á cibdá de Santiago**» no seu número de decembro, que saíu á venda o día 6 do mes. De alí tomárono ese mesmo mes **El Pueblo Gallego** de Vigo, a revista **Resol** de Santiago e o diario **El Sol** de Madrid.

En 1933 Pérez Guerra presentoulle a Eduardo Blanco Amor. Á súa volta de Arxentina, Lorca volveu retomar a composición dos seus poemas galegos coa colaboración de Pérez Guerra, tarefa que se viu interrompida pola confección do seu **Planto por Ignacio Sánchez Mejías**, completado a finais de outubro de 1934.

Foi durante a primavera de 1935 cando, finalmente, Eduardo Blanco Amor conseguiu de Lorca os manuscritos, con letra de Ernesto Pérez Guerra, de cinco dos **Seis poemas galegos**. Conta Gibson que Lorca, entregado á creación de **Doña Rosita la soltera**, deulle os poemas a Blanco Amor e desentendeuse do seu destino. García Posada explica que a intervención de Blanco Amor na redacción dos poemas consistiu na revisión ortográfica, a corrección dalgúns castelanismos e a suxestión de cambios nalgúns títulos, que Lorca aceptou.

A publicación dos poemas foi anunciada pola revista **Nós**, no seu número correspondente a maio-xuño de 1935 (no 137-138), entre as «novas obras publicadas» da editorial. O colofón do libro leva, con todo, data do 27 de decembro



Ernesto Guerra da Cal



Serafín Ferro



Eugenio Montes



Jesús Bal y Gay



Eduardo Blanco Amor



de 1935. Blanco Amor prologou a edición, na que non se menciona a colaboración de Pérez Guerra, e suprimiu a dedicatoria a este da «*Cantiga de neno da tenda*». Blanco Amor encargáralle a Suárez Picallo corrixir as probas de imprenta xunto con Ánxel Casal e supervisar a impresión do texto. Os *Seis poemas galegos*, con prólogo do propio Blanco Amor, foron impresos pola editorial Nós de Ánxel Casal na rúa do Vilar de Compostela en decembro de 1935. Lorca e o seu editor Ánxel Casal serán asasinados o mesmo día, un trágico 19 de agosto do 1936. Levaban na fronte unha estrela e no bico un cantar.

## Texto 50

«Cómpre facer un esforciño, pola nosa parte, para entendermos o traballo case heroico dos editores galegos da II República. Polo menos dalgúns editores. Se non se tratase dun home humilde e sinxelo, eu diría que o capitán destas tarefas case heroicas foi Ánxel Casal. Pasou á historia da nosa cultura —e dos nosos esforzos— como editor e impresor de libros. Non os escribiu, feito polo que ninguén fala das súas ideas, das súas posicións ou das súas metáforas. De todos os xeitos, abonda con coñecer os seus atafegos de editor —privacións, sono, sonhos...— para decatármonos de que cría na causa da lingua, na causa da cultura, na causa das liberdades...: na causa do Espírito. Nun tempo en que ningún escritor galego cobraba unha cadela, de que podía vivir un editor-impresor galeguista nun ano como o de 1935 en que se publicaron quince volumes de moi limitada tirada? Un destes volumes foi ese entrañable e fermoso opúsculo poético de Federico García Lorca, *Seis poemas galegos*. Un e outro, o editor (Ánxel Casal) e o autor (García Lorca), morreron «polo ferro airado» (un verso de Celso Emilio Ferreiro) o 19 de agosto de 1936.

A historia deste editor-impresor empeza na Coruña en 1924 (con Leandro Carré), e empeza en grande, en Santiago, no ano 1931, e van ser os anos da II República os anos nos que Casal imprime non só os libros da editorial Nós, por el fundada en 1927, senón todos os volumes do Seminario de Estudos Galegos, o periódico *A Nosa Terra*, etc.. Casal, menos escribilos, faciao, ás veces, todo: editar, imprimir, encadernar, empacquetar...

Boa parte dos escritores galegos daquel tempo vivían, mellor ou peor, doutro traballo (profesores, avogados...) e, en canto a Ánxel Casal, dedicado día e noite á imprenta, poucas veces sacaba para ir tirando. Non por iso deixaron de saír do seu heroico obradoiro os libros que o galeguismo daquela hora precisaba.

¿Quen mantiña, pois, o seu fogar nos peores momentos da editorial? En non pequena parte, a agulla, incansable e consciente, da súa muller. Chamábase María Miramontes Mato, e casara con ela en 1920. Foi sempre costureira: costureira na casa dos pais, costureira, logo, na súa, onde traballou acotío ao servizo da literatura galega. En realidade, foi costureira de postín, da xente ben (modista, pois), dimensión que cómpre ter en conta para sinalar que a burguesía galega, tan allea á lingua e aos libros do seu país, desta maneira (e sen sabelo) estaba «subvencionando» a literatura escrita no idioma dos xastres, dos zapateiros, dos mariñeiros e de moitos intelectuais comprometidos co futuro dese país.

Coñecín en 1981 a Xosé Vázquez Sánchez, vello galeguista, e a el oínlle unha anécdota, a que suscitou este artigo, que cómpre e urxe contar. Alá polo ano



1936 alguén, moi preocupado coa penuria económica do fogar Casal-Miramontes, preguntoulle ao noso editor se se seguiría arruinando cos libros galegos, uns libros, daquela, de tan cativo espallamento. A resposta súpeta de Ánxel Casal foi: «O día que estea arruinado de todo, fareime cun burro e irei, polos camiños do país adiante, vendendo literatura galega».

Non chegou a tal porque a agulla de María Miramontes, mecenas da cultura galega, cosía tamén para Ánxel Casal.

Cando se faga un libro exhaustivo sobre Casal, libro que hai tempo merece, María Miramontes, este nome cheo de paisaxe e de sonoridade, terá que aparecer no principal capítulo desa biografía. María Miramontes, que morreu en Buenos Aires no ano 1965, é, tamén, á súa maneira, un capítulo da nosa cultura.

ALONSO MONTERO, Xesús (2006) *Os escritores galegos ante a guerra civil española, 1936-1939: textos e actitudes*, Galaxia, p. 157-159



### Texto 51

Si muero,  
dejad el balcón abierto.

El niño come naranjas.  
(Desde mi balcón lo veo).

El segador siega el trigo.  
(Desde mi balcón lo siento).

¡Si muero,  
dejad el balcón abierto!

FGL (1921), *Canciones*

LA BARRACA



TEATRO  
UNIVERSITARIO  
UNIÓN FEDERAL DE ESTUDIANTES HISPANOS

